



# 5

# VigoZoo

## CADERNO DIDÁCTICO

### EDUCACIÓN PRIMARIA (3º CICLO)

## ACTIVIDADE 1: Cada lugar da Terra onde un organismo vive recibe o nome de:

a) Medio c) Continente

b) Hábitat d) Zona

**Hábitat**: é o lugar no que vive habitualmente un animal ou unha planta. Hábitat refírese, en xeral, aos ecosistemas ou ambientes nos que adoitan atoparse dita especie. Por exemplo: o hábitat do oso pardo é o bosque temperado.

## ACTIVIDADE 2: Une con frechas cada animal cos seus principais problemas en liberdade, se os ten.

| | |
|---|---|
| Cervo | Chumbismo, desaparición de humedais |
| Voitre | Caza excesiva, destrución do seu hábitat |
| Anátidas | Velenos, desaparición de muladares |
| Lince | Non presenta grandes problemas en liberdade |

**Chumbismo**: acumulación de chumbo no organismo das aves pola inxestión de perdigóns que quedan no fondo dos ríos e lagos. Esta acción humana pode provocar a morte en moitas delas.

**Muladares:** zonas nas que os pastores depositaban o gando morto para que os voitres se alimentaran. A raíz da crise das "vacas tolas", éstes foron prohibidos, causando un grave perxuicio a estes animais ao ter máis dificultades para atopar o seu alimento.

**Humedais**: zonas de paso das aves onde se alimentan, descansan e aniñan.

## ACTIVIDADE 3: Das seguintes afirmacións, sinala cáles son verdadeiras ou falsas:

F O león é o "rei da selva".

F A camuflaxe só lles serve aos animais como defensa.

F A principal ameaza do voitre é únicamente a falla de alimento.

V O tigre é o felino máis grande de todos.

V O principal enimigo do oso é o ser humano.

·O león vive na sabana e o tigre na selva.

·A camuflaxe, sérvelle aos animais tanto de defensa como de ataque.

As principais ameazas do voitre son: a falla de alimento (desaparición de muladares), disparos de cazadores, accidentes contra cables de alta tensión e envenenamento por alimentarse de reses que inxeriron algún tipo de veleno.

## ACTIVIDADE 4. A águia real ten que estar protexida xa que se non se podería extinguir, ¿pero en que lugar está protexida?

a) España b) Galiza c) Europa

## ACTIVIDADE 5 : Cal é o felino máis ameazado do mundo? Sinala a resposta correcta.

Lince ibérico

León

Leopardo

Tigre

Panteira

## ACTIVIDADE 6. Pódense cazar os osos pardos?

a) Si, porque son perigosos.

b) Non, porque están en perigro de extinción

c) Si, sempre que a súa caza sexa controlada.

## ACTIVIDADE 7. Por que se di que a tartaruga de Florida é unha especie invasora?

a) Porque ven do espacio

b) Porque compite coas especies autóctonas e as desplaza.

c) Porque se reproducen con moita facilidade

A tartaruga de Florida, é unha especie orixinaria de EEUU. Moitas veces, por diversos motivos, a xente se desfai delas abandoándoas en ríos, montes, etc. Esta actitude que parece tan lóxica produce un desequilibrio importante, xa que esta especie se adapta moi ben e invade e desplaza do seu territorio á tartaruga autóctona galega (sapoconcho), que ve reducido o seu número co conseguinte perigo de extinción.



**ACTIVIDADE 8. Saberías dicir que tipo de alimentación presentan os animais do seguinte cadro?**

| ANIMAL | ALIMENTACIÓN |
|---|---|
| Xabaril | Omnívoro |
| Serpe | Carnívoro |
| Iguana | Herbívora |
| Camaleón | Carnívoro |
| Cisne | Omnívoro |
| Gamo | Herbívoro |

**ACTIVIDADE 9. É certo que, nalgúns lugares do mundo, utilízanse case todas as partes do corpo do tigre para facer menciña? Sinala a resposta correcta.**

a) Si  b) Non  c) Soamente se utilizan as súas peles

En China utilizan casi todas as partes do corpo do tigre para a elaboración de menciñas tradicionais.

**ACTIVIDADE 10. Une cunha frecha cada debuxo co tipo de formación que lle corresponde.**



Formación en grupo

Formación en hilera

Formación en "V"

## ACTIVIDADE 11. Ordena a seguinte cadea trófica e di cales son consumidores primarios.





1. Planta
2. Verme
3. Galiña
4. Raposo
5. Voitre







Consumidores primarios: **verme** y **gallina**.

## ACTIVIDAD 12. Cando unha ave fracturase unha á, que problema pode ter?

a) Ningún, se lle cura a á e pode volver a voar.

b) Que mentres non se lle cure a á, non pode cazar.

C) Que os seus ósos ao ser ocos non se soldan perfectamente, o que lles impide voltar a voar.

## ACTIVIDADE 13. Da seguinte lista, que animais viven en Galiza?

Raposo · Lobo · Emú · Gavián · Panteira

Macaco · Xabaril · Corzo · Antílope

**ACTIVIDADE 14. Atopa na sopa de letras nomes de animais que se poden atopar en Vigozoo.**

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Q | W | E | R | R | T | Y | U | I | O | O | P | K | L |
| A | S | D | F | G | M | A | M | B | A | F | H | K | P |
| Z | X | X | G | C | V | B | N | M | M | L | J | G | T |
| Q | R | Y | U | E | I | K | L | N | B | V | C | Z | X |
| M | S | W | R | T | C | H | J | L | H | G | F | M | D |
| I | Z | C | V | B | M | K | D | E | R | E | T | U | Y |
| G | D | F | V | E | E | U | O | H | M | H | J | F | K |
| A | S | D | E | R | R | T | Y | U | I | P | M | L | V |
| L | A | Q | W | R | T | V | D | M | B | U | H | O | F |
| A | H | U | T | E | W | U | T | T | R | E | V | N | M |

-Mamba

-Gecko

-Migala

-Búfo

-Muflón

Emú